



ANUNCIO DO TRIBUNAL PARA O PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE DÚAS PRAZAS DE BOMBEIRO/A-CONDUCTOR/A DA ESCALA DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, GRUPO C, SUBGRUPO C2, INCLÚIDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2019, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE.

RESULTADO DO PRIMEIRO EXERCICIO.- Reunido o Tribunal Cualificador, o día 14 de setembro de 2020, para proceder á súa cualificación aplicando os criterios de cualificación establecidos na base 4ª, apartado a), das bases específicas do proceso selectivo, as persoas aspirantes aprobadas obtiveron as seguintes cualificacións:

NOME	APELIDOS	NOTA
DAVID	FERRO LEA	9,17
DIEGO	SEIJ O CASTRO	8,50
AARÓN	CRUZ RIOS	7,67
ALEJ ANDRO	MOLEDO FILGUEIRA	7,17
ADRIAN	ABAD CAÑAS	6,83
BRAIS	COMESAÑA MARTINEZ	6,33
IVAN	PEREZ PITA	6,33
GUILLERMO	ALONSO CANTELI	6,00
J AVIER	BALADRON PAZOS	5,83
IAGO	BLANCO CASAS	5,83
CARLOS	LLOVES PRIETO	5,83
DAVID	SUAREZ DAPENA	5,67
MARCOS	PRIETO ARAUJ O	5,67
J UAN J OSÉ	DE LA FUENTE IGLESIAS	5,50
HÉCTOR	VELASCO FERREIRÓS	5,33
RUBEN	FIGUEIRIDO PEIXOTO	5,17
J AVIER	DE LA FLOR RUBIO	5,17
ANXO	SANCHEZ SANCHEZ	5,00

Os aspirantes admitidos ao proceso selectivo e **non incluídos na anterior relación ou non se presentaron ou non superaron o exercicio**, de conformidade co disposto na base 11ª das bases xerais do proceso.

O Tribunal determinou que a puntuación (nota de corte) esixida para superar o exercicio se corresponde con **15** respostas acertadas, unha vez descontadas, de ser o caso, a penalización por respostas incorrectas, cuxa puntuación equivale a 5 puntos.

Sen prexuízo das alegacións ou solicitudes que os/as aspirantes consideren oportunas realizar, contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas.

Non obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

Os aspirantes que non presenten as alegacións a través da sede electrónica do Concello de Pontevedra ou directamente no rexistro xeral do Concello deberán achegalas, tamén, por fax (886212843) no mesmo día da súa presentación para non interferir nos prazos de realización da seguinte proba.

PUBLICACIÓN DO RESULTADO.- O Tribunal dispón que pola secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena núm.30 (baixo) e, de forma complementaria, se publique na Sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) **a relación coas cualificacións obtidas polos aspirantes aprobados e a plantilla das preguntas e respostas correctas.** (Anexo 1)



CONVOCATORIA PARA O SEGUNDO EXERCICIO.- O tribunal acorda que a realización do segundo exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio, de **aptitude física** terá lugar tal e como se adiantou no anuncio de data 09 de setembro publicado na Sede electrónica do Concello e no Taboleiro de Anuncios do Concello, **no Centro Galego de Tecnificación Deportiva, o día 17 de setembro ás 08:30horas** sito na rúa Padre Fernando Olmedo núm. 3, dispoñendo que pola secretaria se convoque aos opositores para a devandita data.

***DESTACAR** que con este anuncio achegase o **protocolo de prevención covid-19** que se levará acabo en ditas instalacións para facer o segundo exercicio, sendo de obrigado cumprimento. Deberán presentar ante o tribunal no día das probas, **a declaración de responsabilidade do Covid-19** xunto co **certificado médico con data posterior ao 09 de setembro.** (Anexo 2)

O Tribunal dispón que pola secretaria se publique este anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena núm.30 (baixo) e, de forma complementaria, se publique na Sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal)

ANEXO1 .- PLANTILLA DO PRIMEIRO EXERCICIO TIPO TEST.

PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE DÚAS PRAZAS DE BOMBEIRO/ACONDUCTOR/A DA ESCALA DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, GRUPO C, SUBGRUPO C2, INCLÚIDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2019, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE

1º EXERCICIO TIPO TEST (11/09/2020)

GALEGO	CASTELLANO
<p>1.- O alcalde, nos municipios de gran poboación, poderá delegar as súas funcións, cando lle estea permitido en:</p> <p>a) Na Xunta de Goberno Local, membros da Xunta de Goberno Local que ostenten a condición de concelleiros e nos coordinadores xerais unicamente.</p> <p>b) Nos membros da Xunta de Goberno Local que ostenten a condición de concelleiros, nos coordinadores xerais e nos directores xerais u órganos similares unicamente.</p> <p>c) Nos membros da Xunta de Goberno Local, nos coordinadores xerais e nos directores xerais u órganos similares unicamente</p> <p>d) Na Xunta de Goberno Local, nos seus membros, nos demais concelleiros e, no seu caso, nos coordinadores xerais, directores xerais u órganos semellants.</p>	<p>1.- El Alcalde, en los municipios de gran población, podrá delegar sus funciones, cuando le esté permitido en:</p> <p>a) La Junta de Gobierno Local, los miembros de la Junta de Gobierno Local que ostenten la condición de concejales y en los coordinadores generales únicamente</p> <p>b) Los miembros de la Junta de Gobierno Local que ostenten la condición de concejales, en los coordinadores generales y en los directores generales u órganos similares únicamente</p> <p>c) Los miembros de la junta de Gobierno Local, en los coordinadores generales y en los directores generales u órganos similares únicamente</p> <p>d) La Junta de Gobierno Local, en sus miembros, en los demás concejales y, en su caso, en los coordinadores generales, directores generales u órganos similares.</p>





GALEGO	CASTELLANO
<p>2.- Entre os dereitos fundamentais proclamados na Sección 1ª do Capítulo II do Título I da Constitución Española de 1978 inclúese</p> <p>a) O dereito a contraer matrimonio con plena igualdade xurídica</p> <p>b) O dereito á protección da saúde</p> <p>c) O dereito á igualdade</p> <p>d) O dereito a sindicarse libremente</p>	<p>2.- Entre los derechos fundamentales proclamados en la Sección 1ª del Capítulo II del Título I de la Constitución española de 1978 se incluye</p> <p>a) El derecho a contraer matrimonio con plena igualdad jurídica.</p> <p>b) El derecho a la protección de la salud.</p> <p>c) El derecho a la igualdad.</p> <p>d) El derecho a sindicarse libremente.</p>
<p>3.- Cales son as zonas de queimaduras de maior dano?</p> <p>a) Zona de hiperemia</p> <p>b) Zona de coagulación</p> <p>c) Zona de éxtase</p> <p>d) Zona de estase</p>	<p>3.- ¿Cuáles son las zonas de quemaduras de mayor daño?</p> <p>a) Zona de hiperemia</p> <p>b) Zona de coagulación</p> <p>c) Zona de éxtasis</p> <p>d) Zona de estasis</p>
<p>4.- Na elaboración das diferentes accións dun plan de rescate debemos:</p> <p>a) Realizar unha identificación e avaliación das correntes e demais obstáculos que presenta o leito</p> <p>b) Determinar o itinerario de rescate</p> <p>c) Determinar o procedemento de actuación no que se concretase o tipo de rescate, material e persoal que realizará o rescate</p> <p>d) Todas son correctas</p>	<p>4.- En la elaboración de las diferentes acciones de un plan de rescate debemos:</p> <p>a) Realizar una identificación e evaluación de las corrientes y demás obstáculos que presenta el cauce</p> <p>b) Determinar el itinerario de rescate</p> <p>c) Determinar el procedimiento de actuación en el que se concretara el tipo de rescate, material y personal que realizará el rescate</p> <p>d) Todas son correctas</p>
<p>5.- A calor de combustión defínese como</p> <p>a) A temperatura alcanzada por un incendio</p> <p>b) A temperatura dunha chama de difusión laminar</p> <p>c) Enerxía desprendida pola combustión completa dunha substancia</p> <p>d) Enerxía térmica producida pola combustión da unidade de masa dunha substancia dada</p>	<p>5.- El calor de combustión se define como</p> <p>a) La temperatura alcanzada por un incendio</p> <p>b) La temperatura de una llama de difusión laminar</p> <p>c) Energía desprendida por la combustión completa de una sustancia</p> <p>d) Energía térmica producida por la combustión de la unidad de masa de una sustancia dada</p>
<p>6.- Cal é a equivalencia de 0°C en grados Fahrenheit?</p> <p>a) 491F</p> <p>b) 273F</p> <p>c) 32F</p> <p>d) 212 F</p>	<p>6.- ¿Cuál es la equivalencia de 0°C en grados Fahrenheit?</p> <p>a) 491 F</p> <p>b) 273 F</p> <p>c) 32 F</p> <p>d) 212 F</p>



GALEGO	CASTELLANO
<p>7.- Considérase unha zona segura, se a concentración de gas inflamable é inferior a</p> <p>a) O 10% de L.I.I.</p> <p>b) O 10% de L. S.I</p> <p>c) A 1/3 de L.I.I</p> <p>d) A ½ do rango</p>	<p>7.- Se considera una zona segura, si la concentración de gas inflamable es inferior a</p> <p>a) El 10% de L.I.I.</p> <p>b) El 10% de L.S.I</p> <p>c) A 1/3 de L.I.I</p> <p>d) A ½ del rango</p>
<p>8. - Cal é a sobrepresión nun flash-over pobre?</p> <p>a) 0,001bar</p> <p>b) 0,1 bar</p> <p>c) 1,0 bar</p> <p>d) Ningunha das anteriores</p>	<p>8.- ¿Cuál es la sobrepresión en un flash-over pobre?</p> <p>a) 0,001bar</p> <p>b) 0,1 bar</p> <p>c) 1,0 bar</p> <p>d) Ninguna de las anteriores</p>
<p>9.- Das indicadas a continuación , unha resposta non é factor principal que define a inflamabilidade</p> <p>a) Punto de inflamación</p> <p>b) Rango de inflamabilidade</p> <p>c) Punto de reactividad</p> <p>d) Punto de autoignición</p>	<p>9.- De las indicadas a continuación , una respuesta no es factor principal que define la inflamabilidad</p> <p>a) Punto de inflamación</p> <p>b) Rango de inflamabilidad</p> <p>c) Punto de reactividad</p> <p>d) Punto de autoignición</p>
<p>10.- Como se denomina o fluído que posúe un número de Reynolds de 20.000:</p> <p>a) Laminar</p> <p>b) Turbulento</p> <p>c) Ideal</p> <p>d) Viscoso</p>	<p>10.- ¿Cómo se denomina el fluido que posee un número de Reynolds de 20.000:</p> <p>a) Laminar</p> <p>b) Turbulento</p> <p>c) Ideal</p> <p>d) Viscoso</p>
<p>11.- Unidade de presión no sistema internacional:</p> <p>a) Newton</p> <p>b) Pascal</p> <p>c) Atmosferas</p> <p>d) Bar</p>	<p>11.- Unidad de presión en el sistema internacional:</p> <p>a) Newton</p> <p>b) Pascal</p> <p>c) Atmósferas</p> <p>d) Bar</p>
<p>12.- A radiación:</p> <p>a) Se transmite a través das moléculas do corpo</p> <p>b) Se transmite cara o fronte</p> <p>c) Se transmite a través do aire en todas as súas direccións</p> <p>d) Ningunha é correcta</p>	<p>12.- La radiación:</p> <p>a) Se transmite a través de las moléculas del cuerpo</p> <p>b) Se transmite cara el frente</p> <p>c) Se transmite a través del aire en todas sus direcciones</p> <p>d) Ninguna es correcta</p>





GALEGO	CASTELLANO
<p>13.- As perdas de carga nunha instalación:</p> <p>a) Son directamente proporcionais á viscosidade do fluído e inversamente proporcionais á lonxitude da instalación</p> <p>b) Son directamente proporcionais á lonxitude da instalación e inversamente proporcionais ao diámetro da conducción</p> <p>c) Son inversamente proporcionais ao cadrado do caudal e independentes da presión</p> <p>d) Son directamente proporcionais á lonxitude da instalación e directamente proporcionais ao diámetro da conducción</p>	<p>13.- Las pérdidas de carga en una instalación:</p> <p>a) Son directamente proporcionales a la viscosidad del fluido e inversamente proporcionales a la longitud de la instalación</p> <p>b) Son directamente proporcionales a la longitud de la instalación e inversamente proporcionales al diámetro de la conducción</p> <p>c) Son inversamente proporcionales al cuadrado del caudal e independentes de la presión</p> <p>d) Son directamente proporcionales a la longitud de la instalación y directamente proporcionales al diámetro de la conducción</p>
<p>14.- Un monovacuómetro indica -0,6 Bares:</p> <p>a) Equivale a un vacío absoluto de 0,4 Bares</p> <p>b) Se trata dun vacío relativo</p> <p>c) É o mesmo que un vacío do 60%</p> <p>d) Todas son correctas</p>	<p>14.- Un monovacuómetro indica -0,6 Bares:</p> <p>a) Equivale a un vacío absoluto de 0,4 Bares</p> <p>b) Se trata de un vacío relativo</p> <p>c) Es el mismo que un vacío del 60%</p> <p>d) Todas son correctas</p>
<p>15.- Un incendio está controlado:</p> <p>a) Cando se conseguiu deter a súa propagación</p> <p>b) Cando diminúe a intensidade do lume</p> <p>c) Cando saen menos lapas</p> <p>d) Cando non existe perigo de reprodución</p>	<p>15.- Un incendio está controlado:</p> <p>a) Cuando se consiguió detener su propagación</p> <p>b) Cuando disminuye la intensidad del fuego</p> <p>c) Cuando salen menos lapas</p> <p>d) Cuando no existe peligro de reproducción</p>
<p>16.- Para obter os mellores resultados de extinción, as gotas de auga teñen que ter un tamaño uniforme e un diámetro óptimo abranguido entre:</p> <p>a) 0,3 e 1 mm</p> <p>b) 1 e 1,5 mm</p> <p>c) 1,5 e 2,5 mm</p> <p>d) 2,5 e 5 mm</p>	<p>16.- Para obtener los mejores resultados de extinción, las gotas de agua tienen que tener un tamaño uniforme y un diámetro óptimo abarcado entre:</p> <p>a) 0,3 y 1 mm</p> <p>b) 1 y 1,5 mm</p> <p>c) 1,5 y 2,5 mm</p> <p>d) 2,5 y 5 mm</p>



GALEGO	CASTELLANO
<p>17.- Os CAFS son:</p> <p>a) Sistemas xeradores de espuma que incorporan nitróxeno, mediante un compresor, á mestura escumóxena</p> <p>b) Sistemas xeradores de espuma que incorporan aire, mediante un compresor, á mestura escumóxena</p> <p>c) Sistemas xeradores de espuma que incorporan osíxeno, mediante un compresor, á mestura escumóxena</p> <p>d) Todas son falsas</p>	<p>17.- Los CAFS son:</p> <p>a) Sistemas generadores de espuma que incorporan nitrógeno, mediante un compresor, a la mezcla escumóxena</p> <p>b) Sistemas generadores de espuma que incorporan aire, mediante un compresor, a la mezcla escumóxena</p> <p>c) Sistemas generadores de espuma que incorporan oxígeno, mediante un compresor, a la mezcla escumóxena</p> <p>d) Todas son falsas</p>
<p>18.- Na espuma como axente extintor, a súa densidade relativa:</p> <p>a) é inferior á do menos denso dos líquidos inflamables</p> <p>b) É inferior á da gasolina, mais superior á da auga</p> <p>c) O mecanismo de inhibición neutraliza o combustible</p> <p>d) Ningunha é correcta</p>	<p>18.- En la espuma como agente extintor, su densidad relativa:</p> <p>a) es inferior a la del menos denso de los líquidos inflamables</p> <p>b) ES inferior a la de la gasolina, mas superior a la del agua</p> <p>c) El mecanismo de inhibición neutraliza el combustible</p> <p>d) Ninguna es correcta</p>
<p>19.- A temperatura crítica do auga é:</p> <p>a) 347 ° C</p> <p>b) 374 ° C</p> <p>c) 437 ° C</p> <p>d) Ningunha é correcta</p>	<p>19.- La temperatura crítica del agua es:</p> <p>a) 347 ° C</p> <p>b) 374 ° C</p> <p>c) 437 ° C</p> <p>d) Ninguna es correcta</p>
<p>20.- Que é a “humidade relativa”?:</p> <p>a) É a cantidade de vapor de auga, expresada en g/m^3, que contería o aire se se atopase á temperatura de 0° C</p> <p>b) É a cantidade de vapor de auga, expresada en g/m^3, que contén o aire a unha temperatura dada.</p> <p>c) É a masa porcentual de vapor de auga no aire con respecto a un quilogramo de aire puro ou seco.</p> <p>d) É a porcentaxe de vapor de auga no aire sobre o total que podería conter a esa mesma temperatura</p>	<p>20.- ¿Qué es la “humedad relativa”?:</p> <p>a) Es la cantidad de vapor de agua, expresada en g/m^3, que contendría el aire si se encontrase a la temperatura de 0°C</p> <p>b) Es la cantidad de vapor de agua, expresada en g/m^3, que contiene el aire a una temperatura dada.</p> <p>c) Es la masa porcentual de vapor de agua en el aire con respecto a un kilogramo de aire puro o seco.</p> <p>d) Es el porcentaje de vapor de agua en el aire sobre el total que podría contener a esa misma temperatura</p>





GALEGO	CASTELLANO
<p>21.- As fugas admisibles en extintores de CO2 non deben exceder de:</p> <p>a) 1,5% anual b) 3% anual c) 5% anual d) 8% anual</p>	<p>21.- La fugas admisibles en extintores de CO2 no deben exceder de:</p> <p>a) 1,5% anual b) 3% anual c) 5% anual d) 8% anual</p>
<p>22.- Os principais factores que interveñen na evolución dun incendio forestal:</p> <p>a) a humidade do combustible e a pendente do terreo. b) o combustible e o vento. c) a humidade e o vento. d) o combustible, a topografía e as condicións climatolóxicas.</p>	<p>22.- Los principales factores que intervienen en la evolución de un incendio forestal:</p> <p>a) la humedad del combustible y la pendiente del terreno. b) el combustible y el viento. c) la humedad y el viento. d) el combustible, la topografía y las condiciones climatológicas.</p>
<p>23.- Que capacidade mínima de carga dispoñerá un ascensor de emerxencia?</p> <p>a) 530kg b) 450kg c) 630kg d) 730kg</p>	<p>23.- ¿Qué capacidad mínima de carga dispondrá un ascensor de emergencia?</p> <p>a) 530kg b) 450kg c) 630kg d) 730kg</p>
<p>24.- Se no explosímetro aparece unha lectura do 100%, en que punto de mestura combustible- comburente atopámonos?</p> <p>a) Límite superior de inflamabilidade b) Límite superior de explosividade c) Límite inferior de inflamabilidade d) Ningunha das respostas anteriores é correcta</p>	<p>24.- Si en el explosímetro aparece una lectura del 100%, ¿en que punto de mezcla combustible-comburente nos encontramos?</p> <p>a) Límite superior de inflamabilidad b) Límite superior de explosividad c) Límite inferior de inflamabilidad d) Ninguna de las respuestas anteriores es correcta</p>
<p>25.- Segundo a norma as diferentes bombas hidráulicas clasifícanse en función do seu modo de funcionamento. Unha bomba que se diseña para múltiples ferramentas simultáneas, denomínase:</p> <p>a) STO b) ATO c) MTO d) DOBRES</p>	<p>25.- Según la norma las diferentes bombas hidráulicas se clasifican en función de su modo de funcionamiento. Una bomba que se diseña para múltiples herramientas simultáneas, se denomina:</p> <p>a) STO b) ATO c) MTO d) DOBLES</p>



GALEGO	CASTELLANO
<p>26.- Mediante que norma se regula a clasificación dos diferentes equipos de protección respiratoria en función da súa dependencia coa atmosfera que rodea ao usuario?</p> <p>a) UNE - EN 135 b) UNE - EN 133 c) UNE - EN 137 d) UNE - EN 123</p>	<p>26.- ¿Mediante que norma se regula la clasificación de los diferentes equipos de protección respiratoria en función de su dependencia con la atmósfera que rodea al usuario?</p> <p>a) UNE - EN 135 b) UNE - EN 133 c) UNE - EN 137 d) UNE - EN 123</p>
<p>27.- Contra que están indicados os filtros tipo “P”?</p> <p>a) Gases e vapores b) Vapores Tóxicos c) Partículas e aerosois d) Emulsiones tóxicas</p>	<p>27.- ¿Contra que están indicados los filtros tipo “P”?</p> <p>a) Gases y vapores b) Vapores Tóxicos c) Partículas y aerosoles d) Emulsiones tóxicas</p>
<p>28.- De que está composto o cartucho filtrante dun equipo de adición de osíxeno?</p> <p>a) Peróxido de potasio b) Carbón activo c) Osixeno d) Cal sodada</p>	<p>28.- ¿De que está compuesto el cartucho filtrante de un equipo de adición de oxígeno?</p> <p>a) Peróxido de potasio b) Carbón activo c) Oxígeno d) Cal sodada</p>
<p>29.- Segundo a norma, que factor de seguridade deberán ter os latiguillos dos equipos hidráulicos de desencarceración?</p> <p>a) 1,5 b) 4 c) 2 d) 10</p>	<p>29.- Según la norma ¿Que factor de seguridad deberán tener los latiguillos de los equipos hidráulicos de desencarceración?</p> <p>a) 1,5 b) 4 c) 2 d) 10</p>
<p>30.- A temperatura crítica dun gas é:</p> <p>a) Aquela á que non se pode licuar aínda que se aumente a presión b) A temperatura á que un gas se transforma en líquido c) A temperatura á que un gas ten a mesma densidade que o aire á presión de unha atmosfera d) Aquela na que as súas moléculas deixan de moverse</p>	<p>30.- La temperatura crítica de un gas es:</p> <p>a) Aquella a la que no se puede licuar aunque se aumente la presión b) La temperatura a la que un gas se transforma en líquido c) La temperatura a la que un gas tiene la misma densidad que el aire a la presión de una atmósfera d) Aquella en la que sus moléculas dejan de moverse</p>





GALEGO	CASTELLANO
Preguntas RESERVA	Preguntas RESERVA
1R.- Mediante que fórmula se calcula a reacción en lanza? a) $R = 2 / P \times S$ b) $R = 2 / S \times P$ c) $R = 2 \times P \times S$ d) Ningunha é correcta.	1R.- ¿Mediante qué fórmula se calcula la reacción en lanza? a) $R = 2/P \times S$ b) $R = 2/S \times P$ c) $R = 2 \times P \times S$ d) Ninguna es correcta.
2R.- O punto de aceso segundo a ISO 13943, exprésase en graos: a) Kelvin b) Celsius c) Réaumur d) Fahrenheit	2R.- El punto de encendido según la ISO 13943, se expresa en grados: a) Kelvin b) Celsius c) Réaumur d) Fahrenheit
3R.- Como afectan os lumes dalgúns metais cando entran en contacto co dióxido de carbono ? a) Os lumes dos metais rompen as ligazóns da molécula de CO^2 , libérase o osíxeno deste, achegando máis combustible á reacción b) Os lumes dos metais rompen as ligazóns da molécula de CO^2, libérase carbono , achegando máis combustible á reacción c) As dous anteriores son correctas d) Ningunha das anteriores é correcta	3R.- Como afectan los fuegos de algunos metales cuando entran en contacto con el dióxido de carbono? a) Los fuegos de los metales rompen los enlaces de la molécula de CO^2 , se libera el oxígeno de este, aportando más combustible a la reacción b) Los fuegos de los metales rompen los enlaces de la molécula de CO^2, se libera carbono , aportando más combustible a la reacción c) Las dos anteriores son correctas d) Ninguna de las anteriores es correcta

ANEXO 2.- PROTOCOLO PREVENCIÓN COVID-19 E DECLARACIÓN RESPONSABLE PROCESO SELECTIVO BOMBEIRO CONDUCTOR



DECLARACIÓN RESPONSABLE PROCESO SELECTIVO BOMBEIRO CONDUCTOR

D/D^a _____.

con nº de DNI/NIE _____.

Para as probas físicas do proceso selectivo de dúas prazas de bombeiro condutor do Concello de Pontevedra, a desenvolver nas instalacións do CGTD e do Pavillón Municipal dos Deportes de Pontevedra, que se levarán a cabo na/s data/s 17 de setembro de 2020.

SOLICITO:

Que a persoa cuxos datos figuran no encabezamento (o interesado) participe nas probas físicas do proceso selectivo de dúas prazas de bombeiro condutor, para o cal, lín con detalle a información proporcionada na convocatoria e acepto as condicións de participación e expreso o meu compromiso coas medidas persoais de hixiene e prevención do protocolo establecidas e así mesmo,

DECLARO:

- Que o/a interesado/a cumpre os requisitos de admisión establecidos no documento de aceptación de condicións de participación, obriga de información e consentimento informado, non sendo grupo de risco.
- Que o interesado non convive con ninguén que sexa grupo de risco, ou que no caso de que así sexa, participa na actividade baixo a súa propia responsabilidade.
- Que lín e acepto os compromisos contidos no protocolo para previr a COVID-19 da actividade, publicados na convocatoria de dito proceso.
- Que son consciente dos riscos que implica a participación da persoa interesada na actividade no contexto da crise sanitaria provocada pola COVID-19, que asumo baixo a miña propia responsabilidade.

Asinado

En _____, a _____ de _____ de 2020





PROTOCOLO PREVENCIÓN COVID-19

PROTOCOLO DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN ANTE A COVID19 NAS PRBAS FÍSICAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A DUAS PRAZAS DE BOMBEIRO CONDUCTOR.

O obxectivo deste protocolo é minimizar a posible transmisión do COVID-19 durante o desenvolvemento das probas físicas correspondentes aos procesos selectivos convocados pola Concello de Pontevedra para cubrir dúas prazas de bombeiro condutor, debendo os/as aspirantes atender as seguintes INSTRUCCIÓNS:

ACCESO AS INSTALACIÓNS ONDE TERÁN LUGAR AS PRBAS

1º.- As probas físicas levaranse a cabo no Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD), sito na Rúa Padre Fernando Olmedo, 3, 36002. E no Pavillón Municipal de Deportes sito na Rúa Xoán Manuel Pintos s/n. 36005. Para o acceso ao recinto establecerase unha orde de entrada, os/as aspirantes pasarán dentro da instalación tras o seu chamamento único onde se lles realizará un control de temperatura e lavado de mans previo ao acceso á instalación. No caso de que a súa temperatura corporal sexa superior a 37,5°C , o aspirante non poderá acceder á instalación, e polo tanto non poderá realizar as probas físicas quedando excluído do proceso selectivo..

Recomendase que ningunha persoa acuda ao chamamento con mais de 10 minutos de antelación ao horario marcado. Non se permitiran acompañantes no interior da instalación.

Os aspirantes deberán vir provistos de máscara, e recoméndase unha bolsa plástica e toalla de mans.

En todo momento manterase o distanciamento social establecido de 1,50 metros, e tanto os/as aspirantes coma os/as membros do tribunal, asesores e xuíces, acudirán provistos de máscara.

PRESENTACIÓN E CHAMAMENTO ÚNICO DAS PERSOAS ASPIRANTES

2º.- O chamamento único farase na porta do CGTD fora do hall de entrada para evitar aglomeracións, e os aspirantes que esperen na rúa deberán manter a distancia de



seguridade entre as persoas cun mínimo de 1.5m, unha vez chamados, no hall do CGTD, instalárase a Secretaría, onde tras o chamamento único, control de temperatura e lavado de mans; realizarase a presentación da documentación, entrega de dorsais, é información.

3º.- As persoas aspirantes **deberán presentar:**

- **D.N.I. ou pasaporte.**
- **Certificado médico no que se faga constar que reúnen as condicións físicas axeitadas para a realización das probas físicas e con data posterior a publicación do Anuncio que determine a data de realización da proba física. (do 09 ao 17 de setembro do 2020)**
- **Declaración responsable do protocolo COVID - 19.**

Os/as aspirantes que non acudan con dita documentación, NON poderán acceder ao recinto, nin realizar as probas e quedando excluído do proceso selectivo. Será obrigatorio identificarse sempre que algún membro do tribunal ou xuíces o requiran.

4º.- Entregarase a cada aspirante dous dorsais. Un para facer uso durante as probas e outro para ter identificados os seus efectos persoais (bolsa, mochila, etc.).

5º.- O aforo máximo dentro dos espazos cubertos limitarase a 9 aspirantes ademais dos membros do tribunal e os xuíces. Garantindo en todo momento a separación mínima entre as persoas de 1.5m

6º.- As mochilas ou efectos persoais poderanse depositar nos espazos habilitados a tal fin nas bancadas da instalación.

7º.- Os/as aspirantes non poderán compartir alimentos, bebidas ou similares. Todos estes produtos terán o nome do usuario.

8º.- Non se poderá facer uso dos vestiarios. No caso de ser preciso poderase acceder aos aseos, o tempo estritamente necesario e de xeito individual.

DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS





9º.- Con carácter xeral, non se compartirá ningún material. No caso de ser necesario, dito material será desinfectado previo ao uso de cada aspirante.

10º.- Antes de entrar e ao saír do espazo asignado, e antes e despois de realizar cada proba, os aspirantes deberán lavar as mans con hidroxel, que estará dispoñible nos espazos habilitados a tal efecto.

11º.- Os/as aspirantes deberán portar máscara ata o momento inmediatamente anterior a realización de cada unha das probas. Deixando a mesma nunha bolsa plástica. Unha vez rematada, deberán volver a colocar a máscara. Durante os exercicios de quecemento non será obrigatorio o uso da mesma.

12º.- As persoas aspirantes cooperarán en todo momento coa organización das probas e, unha vez rematadas, sairán do recinto empregando o menor tempo posible.

Protocolo específico para cada unha das probas:

- 1) **Proba de velocidade - 100 m.l.:** correrán catro aspirantes por serie empregando as rúas 1 - 3 - 5 - 7. Desinfectaranse os tacos de saída no caso de ser empregados. O/a aspirante lavará as mans con hidroxel antes e despois da proba.
- 2) **Proba de resistencia - 1.000 m.l.:** correrán catro aspirantes por serie empregando as rúas 2 - 4 - 6 - 8. O/a aspirante lavará as mans con hidroxel antes e despois da proba.
- 3) **Proba de velocidade con carga - 200 m.l. con saco:** correrán dous/dúas aspirantes por serie co espazo das rúas 1 a 4 para un/ha corredor/a e de 5 a 8 para outro/a. Desinfectarase o saco tras cada uso, así coma os elementos empregados para o xiro. O/a aspirante lavará as mans con hidroxel antes e despois da proba.
- 4) **Proba de potencia do tren superior - Flexións barra horizontal:** tras cada intento desinfectarase a barra. O/a aspirante lavará as mans con hidroxel despois da proba.
- 5) **Proba de potencia do tren inferior - Salto horizontal:** O/a aspirante lavará as mans con hidroxel antes e despois da proba.
- 6) **Proba de forza-resistencia do tren superior - Escaleira horizontal:** O/a aspirante lavará as mans con hidroxel despois da proba.



- 7) **Rube corda:** O/a aspirante lavará as mans con hidroxel despois da proba. Desinfectarase o colchón quitamedos tras cada intento.
- 8) **Proba de natación:** Haberá dous aspirantes por serie, con a lo menos unha rúa baleira no medio. O balón será desinfectado tras cada uso.

O incumprimento deste protocolo por parte do aspirante implicará a exclusión deste proceso selectivo.

